

21/2019. ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA REALIZADA POLO CONCELLO PLENO DE MUGARDOS O DÍA 10 DE OUTUBRO DE 2019, A SOLICITUDE DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR (artigo 31 do R.O.M.)

No Salón de Sesións da Casa Consistorial do Concello de Mugaros, sendo as trece horas e cinco minutos do día dez de outubro do ano dous mil dezanove, previa convocatoria e citación ó efecto, reúnese o Concello Pleno en sesión extraordinaria e primeira convocatoria, baixo a presidencia da alcaldesa-presidenta Dna. María del Pilar Díaz Otero, con asistencia das/dos concelleiras/os D. Iván Martínez González, Dna. María Dolores González Lorenzo, D. Genaro Prieto Iglesias, Dna. Marta Ruiz del Ganso, D. Ignacio Fernández Fernández, Dna. Ana María Varela Bastida, D. José Miguel Mahía Prados, Dna. Begoña Roldós Iglesias, D. Jorge Manuel Kuntz Peiteado e D. Argemino Varela Filgueiras. Non asisten, con excusa, os concelleiros D. Juan Domingo de Deus Fonticoba e D. José Angel Martínez Bardanca.

Actúa como secretario o que o é da Corporación, D. Rafael Bermúdez Iglesias.

Aberta a sesión pola Presidencia, éntrase no debate do único asunto incluído na orde do día:

1.- ÚNICO.- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR PARA A ADOPCIÓN URXENTE DE MEDIDAS QUE SALVEN O FUTURO DA CENTRAL TÉRMICA DE AS PONTES.

Tras deliberación, sométese a votación a moción presentada polo portavoz do Grupo Municipal do Partido Popular para a adopción urxente de medidas que salven o futuro da Central Térmica de As Pontes, e o Concello Pleno, por 4 votos a favor (4 PP) e 7 votos en contra (4 EU-SON-EN COMÚN, 2 PSOE, 1 BNG), acorda rexeitar a devandita moción.

DELIBERACIÓN

Sra. Alcaldesa: Iniciamos a sesión extraordinaria do Concello Pleno do día 10 de outubro, sendo as 13:00 horas, cun punto único que é a moción do grupo municipal do Partido Popular para a adopción urxente de medidas que salven o futuro da central térmica de As Pontes. Ten a palabra o relator...

Sr. Mahía Prados: Bos, bos días srs. Concelleiros, Pleno, Alcaldesa, Veciños, bueno nós presentamos esta... esta moción ao abeiro da lexislación vixente do Real Decreto 25/68 de, para presentar unha moción e... urxente, de medidas referente á térmica de As Pontes. Bueno como todos coñecemos e... o tema da térmica afecta non só ao Concello de As Pontes, senon toda a, a toda a zona, especialmente tamén ó Concello de Mugaros, xa que Reganosa nutre de gas o ciclo combinado da térmica, entón o acordo deste.... desta moción é un acordo único que é que o Pleno de Mugaros amosa todo o seu apoio e a solidariedade cos traballadores da Central Térmica de Endesa nas Pontes, coa industria auxiliar e cos transportistas vencellados a ela e co Porto de Ferrol, esixindo ao goberno de España medidas urxentes para garantir a inmediata reapertura da térmica das Pontes, e no caso de non reabrirse solicitar a dimisión da... da Ministra de Transición Ecolóxica, Teresa Rivera, que é a principal responsable desta...., desta situación

Sra. Alcaldesa: Abrimos un primeiro turno de intervencións. Eh...Gemi

Sr. Varela Filgueiras: Si bueno, bo día a todas e a todos. A ver, sinceramente a min a presentación desta moción paréceme un pouco oportunista e electoralista, e dígoo porque a presentación desta moción prodúcese xusto despois da convocatoria de unha xuntanza de alcaldes a cal asistiron os alcaldes do PP e asignaron o que alí se acordou e inmediatamente a continuación presentan unha moción que a proposta vai na dirección totalmente contraria, e isto dáme a entender que o único que lle preocupa ó Partido Popular do conflito das Pontes é quitar un rédito electoral, porque ademais aportar como única proposta para a solución do conflito das Pontes que a inmediata reapertura, ou no seu caso a dimisión da Ministra de Transición Ecolóxica, creo que é afastarse totalmente da realidade e tratar de poñer toda a responsabilidade no goberno do Estado, que é certo que a ten e moita, pero tena tanto o goberno de PSOE de agora como do Partido Popular anteriormente, pero tamén creo que é un intento de non entrar nos antecedentes que nos levaron a este caso e de exculpar a Xunta de Galicia, tanto nos, e... nas solucións como das responsabilidades da mesma.

Sra. Alcaldesa: Ignacio

Sr. Fernández Fernández: (que traducido di) Bos días a todos e a todas, eu non podo estar máis de acordo co expresado por Gemino, pero eu engadiría que é certo que estamos en un momento complicado para, para a comarca e que hai que facer unha unión de forzas para intentar saír de este, de este atolladero digamos, entón eu pediría ao Partido Popular altura de miras e intentar saír de aquí con unha moción conciliada e integradora, e buscar solucións e non desunir ás partes, entón lémbrolle ao Partido Popular que o día 1 houbo unha reunión da Ministra coa totalidade de todas as partes afectadas para a procura de solucións, co cal todo o mundo está a remar nesta mesma dirección e ademais comprometeu a unha nova reunión no prazo dun mes. Un bo exemplo desta unión que non desunión na procura de..., de solucións, acabana de dar o Alcalde de As Pontes e o Presidente da Xunta mantendo unha reunión na que sacaron o acordo ou a petición de solicitar o mantemento da planta operativa e camiñar cara ao uso de biocombustibles para substituír ao... ao carbón. A posta en marcha recente de un dos grupos da central usando unha mestura ó 70% de carbón e 30% de biocombustibles para probar se xera suficiente calor para mover as turbinas e rebaixar as emisións é unha mostra do intento levado a cabo nesta reunión entre o Alcalde das Pontes e o Presidente da Xunta, que por outra parte, todos sabemos que son de formacións diferentes, pero que sen embargo, danse a man para colaborar neste momento en... na procura de... dunha solución. Quero dicir con isto que... que me parece ben que o Concello de Mugar dos presente un apoio e unha posición na procura de solucións, polo tanto a primeira parte do acordo onde di: “O Pleno do Concello de Mugar dos amosa todo o seu apoio e solidariedade cos traballadores da Central Térmica de Endesa nas Pontes, coa industria auxiliar e cos transportistas vencellados a ela e co Porto de Ferrol”, paréceme asumible pero nós nunca apoiaríamos este acordo se mantén o resto do... do mesmo, o resto do... do parágrafo, entón e... apelo a buscar esa, esa moción conciliada e integradora para saír de aquí con un apoio total na procura de solucións e pediríamos que a partir de onde di: “e co Porto de Ferrol”, engadir a este acordo, “mantendo a planta operativa e iniciar o camiño cara ó uso de biocombustibles que poidan substituír ao carbón, esixir que permaneza dispoñible para garantir a

subministración”, isto é o que viñeron a acordar tamén o Alcalde de As Pontes e o Presidente da Xunta na reunión que mantiveron o outro día e representárono co exemplo de que sempre hai que ter unhas pilas dispoñibles por si non hai outra solución ao mesmo, a parte, non nos esquezamos de que esixir que a térmica seguira dispoñible para garantir a subministración, isto suporía para Endesa que puidera sumar ás súas contas o pago por capacidade, que é un abono que fai o goberno ás firmas eléctricas por manter as súas centrais dispoñibles en caso de necesidade do sistema, isto ven a ser o da famosa pila da que falaban na súa reunión. Entón, finalizando xa a miña intervención, incido no feito de que... de que se están unindo moitas forzas, moitas vontades e moitas ideas entre todos os afectados e en toda a comarca para buscar solucións e non para desunir nin crear fronte de desunión e pediría que o Partido Popular retirara a segunda parte do acordo e engadira a que, a parte que mencionei, ca cal nós estaríamos dispostos a apoiar esta moción, en caso contrario, de mantela tal e como está, votaríamos en contra.

Sra. Alcaldesa: (que traducido di) Ten a palabra o relator.

Sr. Mahía Prados: Si, bueno por partes, non, como dicía vou empezar polo voceiro do BNG, acerca de si se trata de oportunismo, electoralismo, e que buscamos un rédito electoral, que non temos que, non damos solucións, eu quero recordar que o mercado enerxético de España está regulado, é un mercado regulado, é un mercado no que o Estado ten a última palabra, porque así o din as directivas europeas e o di o funcionamento do sector enerxético, igual que ocorre co sector do gas. E... ao tratarse dun mercado regulado, o goberno do Estado é quen ten a derradeira palabra neste asunto, ademais hai moitos comentarios que se din por aí, non de que, é do gober..., é culpa de gobernos anteriores e todo o que se comentou, bueno eu quero recordar que cando estaba Mariano Rajoy que era un goberno anterior do Partido Popular, prohibiulle a Endesa cerrar as térmicas, como proba de que é un mercado regulado, e prohibiulle cerrar as térmicas mentres non dera unha enerxía alternativa ou unha forma de xerar enerxía de forma alternativa que... a consecuencia de un mercado regulado, e... vostede dixo que, bueno é un tema de electoralismo, a Xunta tiña que cumprir, a Xunta as competencias que ten de enerxía cúmpreas, pero o tema do marco regulatorio que marca o... o Goberno Central, as competencias que ten nese sentido correspóndelle á Ministra de Transición Ecolóxica, como ben dixo o voceiro neste caso do Partido Socialista houbo un acordo entre o Presidente da Xunta e o Alcalde de As Pontes que é o lóxico aínda que sexan diferentes forzas políticas hai que buscar un consenso e un sentir común, nós niso estamos completamente de acordo, de feito, bueno máis adiante falaremos da proposta da, da emenda, e... unha das cousas que tamén hai que, que poñer de manifesto e, díxeno cando expuxen a moción, non nos podemos esquecer de Reganosa que é un tema importante para Mugaros, estamos a falar de unha empresa que ten 130 traballadores e que as arcas municipais teñen uns ingresos moi importantes referente a, bueno aos conceptos do IAE, do Imposto de Actividades Económicas, etc., entón e... Reganosa ten o gasoduto de As Pontes, tamén subministra á planta de Sabón e precisamente unha das alternativas que comentaba o voceiro, neste caso do... do PSOE, que era para esos picos de potencia que existe no inverno e actualmente se está traballando, bueno están probando un dos ciclos que teñen con mestura de carbón e óso de aceituna, como pro...e., para intentar meter o tema de, bueno de que sexa menos contaminante para analizar a enerxía que xera o ciclo, pero non hai que esquecer que parte de ese ciclo combinado funciona con gas, e dentro do análise enerxético de Galicia o

carbón é o 41%, as renovables un 40,7%, o gas un 12,3% e o resto de enerxías un 6%. E por que poño o foco en Reganosa? Porque todos sabemos cal é a situación da planta actualmente, e que isto se pode agravar co tema de As Pontes, e consideramos que é importante poñer isto de manifesto aproveitando este Pleno, con esta orde do día que vén esta moción das Pontes que nos toca por esta parte, entón por se acaso, non quere dicir que vaia pasar nada, pero queda aquí reflexado nesta acta que existe preocupación e que pode desembocar, que o fin e o cabo os que estamos aquí no.., no Concello, nos atopamos con un orzamento para facer cousas e que igual de golpe a porrazo se pecha a planta e vemos que nos baixa un millón de euros a recadación, entón igual aqueles grupos que tamén pedían que se pechara a planta teñen que pedir que non se peche, iso non ten que ver coa moción pero aí queda. Referente a se ... á postura que dixo o PSOE, nós estamos de acordo que teñen que facer unha unión de forzas e ten que haber unha... unha altura de miras, aceptaríamos incluír a... a parte de que: “mantendo a planta operativa se garanta a subministración nas subidas de tensión, etc. con... apostando polos temas das... das renovables, pero hai unha cousa que tamén temos que ter un pouco clara, non se pode dicir por parte dunha ministra que non vai pechar ningunha térmica, pedir a Endesa con toda a cara do mundo que non faga público ata despois das Eleccións Nacionais que vai ter que pechar Endesa, e despois de todo o que se creou no sector non existir, non esixir responsabilidades políticas non, é algo que tamén demandan os cidadáns, de moitos de nós incluso a nivel municipal, se non cumprimos ou se facemos mal o noso traballo, pois que asumamos as competencias, non pode ser que gobernar mal sexa barato, nós e... admitimos e... ou sexa, non mudaríamos o parágrafo primeiro, pero si que engadiríamos a... a proposta de que se examine, bueno seguir apostando por a apertura de novos biocombustibles para permanecer a apertura da... da planta.

Sra. Alcaldesa: A ver, antes de... de dar o segundo turno, para intentar aclararnos e que os grupos municipais poidan fixar posición, e... o texto seguiría estando igual, simplemente se engadiría a partires de... “Porto de Ferrol que se siga traballando para que se poida... non sei se revitalizar, si mantendo a actividade con novos combustibles, pero seguiría esixindo do Goberno de España a aplicación ta, ta, ta e inmediata reapertura e en caso contrario dimisión da Ministra”, iso se seguiría mantendo, só engadiriades o de: bueno, que se faga os esforzos necesarios para que se manteña e... buscando a posibilidade de novos combustibles. Algunha?... quedou claro para todos non, antes de... de abrir este, este segundo turno que sería unha emenda de adición, pero nunca de supresión de ningunha parte do texto proposto.

Vale, antes de que se inicie o segundo turno e... bueno nós dicir que o comentamos co... co Partido Popular que era quen tomaba a decisión de cantos puntos podían vir a este Pleno, comentámoslle a posibilidade de incorporar como punto nº 2 a declaración dos Alcaldes e lexitimamente e amparado legalmente, como é obvio, e... bueno exerceu o seu dereito sobre a convocatoria do Pleno de... de dicir que non se incluíse a declaración de Alcaldes nin ningún outro punto a referente a esta situación, e a declaración de Alcaldes polo tanto, quedou posposta para o Pleno Ordinario, xa o digo, virá ao Pleno Ordinario, porque bueno aquí díxoo o voceiro do BNG, creo que o voceiro tamén do Partido Socialista, hai unha máis que preocupación polo conxunto das industrias da comarca, non só po mantemento dos postos de traballo de Endesa e da propia actividade de Endesa en función dunha transición ecolóxica, que se poida facer igual que en países como Alemania que non supoñan o peche das, das instalacións tendo en conta ademais que en este caso se falamos politicamente as cargas estarían repartidas, o Comisario Europeo Arias Cañete, o Presidente do Goberno Pedro Sánchez, polo tanto, habería... bueno,

responsabilidades políticas polos dous partidos maioritarios no Estado Español repartidas nese sentido, cada un xogando o seu papel e nos pediriámoslle ao Partido Popular, non a modificación da proposta, senón tal e como bueno lle comentamos o relator da moción, a retirada da moción e que todos sumáramos o noso voto e polo tanto o acordo unánime ao Pleno a esa declaración de Alcaldes e Alcaldesas, sobre todo tendo en conta as últimas reunións que se deron e que aquí xa se citaron, en todo caso, de... bueno de non ser así, creo que el sabe xa un pouco a posición do noso grupo que sería votar en contra para favorecer que non houbera un mensaxe contradictorio e que polo tanto puidera saír en ese Pleno por unanimidade, como primeiro pronunciamento, a declaración de Alcaldes e Alcaldesas.

Bueno, dito isto abrimos un segundo turno, e... Gemi, Ignacio e Iván...

Sr. Varela Filgueiras: Si, e... é certo que a última palabra tena o Goberno do Estado, pero tamén é certo que chegamos hoxe aquí a esta situación porque nin o Goberno do Estado nin o Goberno da Xunta de Galicia fixeron nada, e... sabendo que esta situación se ía producir e miraron para outro lado, e a proba disto e que no Debate do Estado da Nación o BNG fixo unha proposta de crear unha mesa galega de transición enerxética e esa proposta foi votada polo Partido Popular, e tamén temos que lembrar que a día de hoxe a Central Térmica das Pontes é unha central que está explotada por unha empresa pública, pero é unha empresa pública italiana, cando antes era unha empresa pública estatal que comezou a súa privatización co PSOE e Felipe González e rematou co PP de Aznar, isto que é, pois un caso claro de portas xiratorias, 160.000 € que cobra Aznar de Naturgy, que acaba de pechar a Central Térmica de Meirama, e 200.000 que cobra Felipe González de Endesa, que é o que quere pechar As Pontes. En canto a que Mariano Rajoy e... impediu tal, si foi Mariano Rajoy o que incumpriu o 50% do Plan do Carbón e foi co goberno do PP cando se eliminou do último Plan do Carbón por unha decisión política a Central Térmica das Pontes.

Sra. Alcaldesa: Ignacio

Sr. Fernández Fernández: (que traducido di) Bueno eu lamento, eu lamento que o Partido Popular estea empeñado en cargarse a Ministra de Transición Ecolóxica, teño que recordar que o que está ocorrendo agora é algo que nadie esperaba que puidera pasar antes de mediados de 2020 ou con posterioridade, que Endesa dou este paso de forma unilateral sen solicitar permiso ao Goberno e que a Ministra, volvo a recordar, o día 1 xa deu un paso na procura de aunar forzas e buscar solucións reuníndose coa totalidade de afectados por este peche, incluíndo a Xunta, Concello de As Pontes, traballadores, etc., etc., nunha macroreunión celebrada no Ministerio, e ademais comprometeuse a que no prazo de un mes volver a reunir a este gran colectivo, reunido para volver a seguir con... coa procura de... de solucións, polo tanto creo e insisto unha vez máis que agora o que importa é remar no mesmo sentido, buscar todas as solucións, a propia Ministra está a traballar con todos e dou o primeiro paso para... para facelo, polo tanto creo que... que sobra toda esa parte que pedín para ter o noso apoio que saíra e polo tanto nós coincidimos un pouco no que mencionou a Sra. Alcaldesa de que habería que intentar sacar de aquí en un tema tan importante como este, unha moción e... única, integradora e apoiada ao 100% por todos, polo tanto a espera do que poida ocorrer na... na moción de todos os Alcaldes, que veña ao vindeiro pleno, nós que o intentamos con esta pedindo a eliminación de esa parte onde se solicitaba a dimisión da Ministra, pois lamentablemente

teremos que dicir que non a vamos a apoiar.

Sra. Alcaldesa: Iván

Sr. Martínez González: Si, bos días a todos e a todas, e... Esquerda Unida vai a votar en contra de esta moción, posto que nós apoiamos a declaración institucional que saíu desa reunión de Alcaldes e Alcaldesas e que non foi permitido traer a este Pleno, así que no vindeiro pleno no que se incorpore nós votaremos a favor de esa declaración institucional.

Sra. Alcaldesa: Miguel

Sr. Mahia Prados: Bueno xa fago, fago o segundo turno e pecho, aproveito. Vale, referente ao que comentou a Alcaldesa e que ratifica agora o voceiro de Esquerda Unida, eu agradézolle que por primeira vez en catro meses abrira a boca nun pleno, polo menos sabemos que neste tema si que se molla, non en temas municipais, dicía que non quería que viñera neste tema, este tema, bueno o tema de declaración de Alcaldes, a... é certo, nos dixemos que o tema das Pontes, porque a declaración de Alcaldes engloba varios temas; engloba o tema das fragatas F100, engloba o tema de Poligal, engloba o tema tamén, bueno son varios temas os que engloba, pero neste caso este tema como lle expliquei antes, nun mercado regulado de enerxía como este, este mercado o que pertence a térmica das Pontes é unha decisión política que está nunha mesa de Consello de Ministros, o tema de Poligal está nun xulgado de Barcelona por unha, por un concurso de acredores, entón o tema era non desvirtuar os temas, cando chegue a declaración institucional de Alcaldes nós tamén nos posicionaremos en función do que dí, desa declaración, pero este soamente tratamos o tema de As Pontes, non é ningunha outra cousa máis. E... repito, porque o comentou o BNG, a Xunta ten as competencias que ten, non hai máis, igual que no tema do sector naval, quíxose facer e apoiou o BNG unha Lei do sector naval que é unha Lei que non se pode aplicar, que ten cinco puntos e que o único que di esa Lei é instar a... instar a... instar a..., porque as competencias dos asteleiros tenas quen as ten que é Navantía, unha empresa pública que pertence ao goberno de España, entón onde ten competencias a Xunta? Pois en medidas como as que acordou co... co Alcalde de As Pontes, o presidente da Deputación, que é pois buscar alternativas, alternativas ao tipo de combustible que emprega, etc. e por iso digo que dentro das súas propias competencias a Xunta actúa, dentro das súas competencias, o que non podemos facer e querer estar fóra das nosas competencias. E... dicía o voceiro do... do PSOE que estamos empeñados en cargarnos a Ministra, non estamos empeñados en cargarnos a Ministra, o que queremos e que haxa consecuencias dos actos, non pode saír gratis ter a máis de 750 familias en vilo, porque..., directas, indirectas bastantes máis, porque ao... ó pechar as Pontes tamén vai subir o prezo da luz, se sube o prezo da luz Alcoa vai ó traste e xa falaremos de Megasa, entón son bastantes máis familias, non é cuestión de cargarse ou non cargarse a ninguén, e que non pode saír barato que quen toma decisións e erra a propósito de que erra, saía gratis, porque a Ministra, e... esta mesma Ministra foi a que dicía que ela non sabía nada, ela non sabi... como vostede di que As Pontes pechou porque si, porque ela non sabía nada e claro vai actuar da forma máis rápida posible pero mire e que nun re..., nun mercado regulado polo Estado a máxima responsable dese mercado que é unha Ministra non sabe que vai pechar unha térmica, claro por iso lle dixo espera o 10 N para facelo público, algo sabía a Ministra, algo sabía e paréceme moi ben que no vindeiro mes vaia facer unha reunión e vaia mirar os temas, vale, e

durante ese mes os transportistas que fan, viven do aire? E que eu, e vólvo a dicir, non se falou neste Pleno de... eu sempre que tiveren o turno de palabra dígo, porque vai vir este Pleno, non sei cando, pero seguramente vai vir o tema de Reganosa e ningún dos grupos deste Pleno falou dese tema. Genaro, por favor, e que o mes..., o mesmo o di... xa, xa é un punto único, pero é un punto único referente ao tema enerxético de As Pontes que afecta tamén o...

Sra. Alcaldesa: Por favor, Miguel sigue coa intervención.

Sr. Mahía Prados: Si, dígo porque tamén a min se me corrixo cando murmuro con un compañeiro

Sra. Alcaldesa: Sigue

Sr. Mahía Prados: Máis que nada, e como tamén en educación, pois predicar co exemplo. Nós nada, non é nin romper e rachar a unidade nin é facer castelos no aire nin moito menos, simplemente isto é unha moción sobre As Pontes para tratar o tema de As Pontes, que afecta a unha industria moi importante de Mugarbos, que é Reganosa, e nós sabedes que por norma xeral nunca traemos mocións a Pleno que non afecten a Mugarbos, e esta moción non é unha excepción, porque hai 130 persoas traballando en Reganosa, e o ciclo combinado de As Pontes funciona con gas, e o gas sae de aquí, nada máis, grazas.

Sra. Alcaldesa: Ben, unha vez rematadas as intervencións, entón sometémolo a votación a moción, e... votos a favor, votos en contra...
Se levanta a sesión.

E non tendo máis asuntos para tratar, e sendo as trece horas e trinta e dous minutos do día ó comezo sinalado, pola Sra. Alcaldesa-Presidenta levántase a sesión, de todo o cal eu, como Secretario, dou fe.

Vº e praxe
A ALCALDESA,